

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 31/01/2020 12:59:28

SAIDA 1442/20

D. Miguel A Delgado González,
Plataforma en Defensa del Sector
Marítimo Pesquero de Galicia
(PLADESEMAPESGA)
C/Juan castro Mosquera 28, 2º Dcha
15.505 A Coruña

Reclamante: D. Miguel Ángel Delgado González
Expediente. Nº **RSCTG 170/2019**
Correo electrónico: director@xornalgaliciasur.com

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación presentada por D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA), que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 25 de novembro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. D. Miguel Ángel Delgado González en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA), presentou, mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 25 de novembro de 2019, unha reclamación contra a Resolución do 18 de novembro de 2019, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) pola que se estima parcialmente a súa solicitude de acceso á información pública referida a distintos aspectos económicos e organizativos da entidade.

A entidade reclamante en síntese manifesta no seu escrito, que a resolución que se impugna nada informa sobre o requirido, facendo un relato confuso e resolve coa inadmisión escudándose nun interese meramente privado ou de protección de datos que colman co de reelaboración, considerando moi grave que a entidade pública AMTEGA non teña rexistrados os documentos, contabilidades e xestións públicas como causa para a denegación. Afirmar que resulta literalmente imposible acceder aos datos e links cheos de respostas de erro no acceso.

Considera que a resolución conculca os dereitos do acceso á información pública, e no caso de que se considere a prevalencia do interese público para denegar a información, debe facerse motivadamente, polo que entende que a resolución que se recorre é nula de pleno dereito.

O interesado solicitou en concreto, información dende o ano 2013 ao 2019 e previsión de 2020 relativa a subvencións, orzamento, contas anuais, auditorías de contas e fiscalización por parte de órganos externos de control, actas da xunta xeral do Consello de aprobación das contas, retribucións da presidencia, dirección e dos cargos de confianza, asesores, e demais cargos e vogais, actas, convenios e acordos celebrados polo organismo que afecten a terceiros, acordos e actuacións encargadas ao gabinete xurídico para preitos dos responsables do Consello con cargo aos fondos públicos ou subvencións, financiamento das campañas e recursos dedicados para a publicidade e ingresos relacionados co Consello, inscrición do Consello no rexistro de entidades públicas do Goberno español, Xunta ou órgano correspondente, acta fundacional e copias dos DOG ao Consello, estatutos de cargos do Consello e identificación de persoas físicas que os representen, identificación dos membros que integran o Consello contas bancarias e outros bens titularidade do Consello con cargo aos fondos públicos subvencionados a membros de confianza, asesores ou vogais do organismo, contratos ou convenios celebrados polo Consello e a Xunta de Galicia, actas, rexistros ou ordes para negar o dereito informativo ou as peticións de información pública, contratos de servizos informáticos da web www.cata.xunta.es, documentos públicos borrados da dita web.

O escrito viña acompañado de copia da resolución da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) do 18 de novembro de 2019 que se impugna.

Segundo. Con data 28 de novembro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola entidade foi o 5 de decembro de 2019.

Terceiro. Con data 23 de decembro de 2019 a AMTEGA contesta a petición remitindo o informe e copia da solicitude presentada pola entidade interesada.

A AMTEGA informa que a solicitude de acceso á información que o interesado achega xunto co seu escrito de recurso non coincide coa presentada na Axencia, existindo diferenzas non só no corpo das mesmas, senón tamén na información solicitada.

Nesa resolución:

- 1) Inadmitiuse, por tratarse de información referida a RETEGAL e constar que a entidade solicitante presentou a solicitude ante a mesma, a información referente a
 - a) Subvencións ou axudas públicas recibidas ou tramitadas por RETEGAL.
 - b) Retribucións percibidas anualmente por persoal directivo de RETEGAL correspondente aos anos 2013 a 2019 e previsión 2020.
 - c) Contrato de servizo informático da web www.retegal.es ou retegal.com, custo, mantemento e copia da súa partida orzamentaria da entidade pública AMTEGA desde os anos 2013 ao 2019 e previsión do 2020.
 - d) Copia dos documentos públicos "borrados" da web dos anos 2013 a 2019 e previsión 2020 na súa matriz da entidade pública RETEGAL que referencia.
- 2) Se facilitou mediante indicación de enderezo web:
 - a) Dos orzamentos, descrición de partidas e estado de execución da entidade dende os anos 2013 a 2019, a mesma foi facilitada mediante indicación do enderezo web onde figuran publicados.
 - b) Das contas anuais e informes de auditoría de contas e de fiscalización e actas onde conste a aprobación das contas pola xunta xeral da entidade dos anos 2013 a 2019, e previsión 2020.
 - c) Das actas e convenios de acordos que afecten a terceiros dos anos 2013 a 2019
 - d) Da acta fundacional e copias dos DOG da entidade pública dende os anos 2013 a 2019.
 - e) Dos estatutos de cargos e identificación das persoas físicas que os representan.
 - f) Da identificación dos membros que integran o Consello de administración da entidade pública AMTEGA desde os anos 2013 ao 2019 e previsión 2020.
 - g) Dos contratos ou convenios con de a entidade pública AMTEGA desde os anos 2013 ao 2019 e previsión 2020.
- 3) Inadmitiuse por concorrer a causa establecida no artigo 18.1.c) da Lei (reelaboración) a información solicitada referente a:
 - a) Acordos e actuacións encargadas ao gabinete xurídico para preitos dos responsables da entidade con cargo aos fondos públicos ou subvencións dos anos 2013 a 2019 e previsión 2020.
 - b) Informe xustificativo do financiamento das campañas e recursos dedicados para publicidade e ingresos relacionadas con de a entidade pública AMTEGA dos anos 2013 a 2019 e previsión de 2020.
 - c) Inscripción da entidade pública AMTEGA desde os anos 2013 ao 2019 no rexistro de entidades públicas do Goberno español, Xunta ou órgano correspondente.
 - d) Listaxe de contas bancarias das que sexa titular da entidade pública AMTEGA desde os anos 2013 ao 2019 ou outros bens pertencentes á entidade, con copia do extracto e

tarxetas, teléfonos móbiles, que houbera con cargo a fondos públicos subvencionados aos membros de confianza e asesores, vocais.

4) Non se facilita por non existir:

- a) actas, rexistros ou ordenes que identifiquen o autor do expediente nas que se lles negan os dereitos informativos e peticións de información pública existentes no expediente relacionado con estas peticións e identificación do funcionario responsable de trasladar a negativa.
- b) Peticións de informes e previsións relativas á anualidade 2020. 6. Que esta axencia pública autonómica actúa sempre de conformidade co procedemento legalmente establecido en materia de transparencia, carecendo de fundamento a alegación do recorrente relativa á falta de tramitación da súa solicitude, e imposibilidade de acceso aos links mencionados na resolución recorrida, xa que os mesmos permanecen activos e a dispor de calquera interesado que pretenda acceder á información contida neles.

Considera a AMTEGA que a resolución é conforme á normativa, carecendo a reclamación de fundamento e estado activos todos os links remitidos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, a resolución impugnada ditouse con data do 18 de Novembro de 2019 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 25 de Novembro de 2019, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

Dado o volume de información solicitado e a distinta resposta dada pola AMTEGA respecto da cada tipo de información, analizarase en por separado cada unha das respostas dadas tanto na resolución como no informe emitido, ao obxecto de determinar si se axusta ou non á normativa en materia de Transparencia.

(1). Inadmisión por tratarse de información referida a RETEGAL e constar que a entidade solicitante presentou a solicitud ante a mesma.

A resolución da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), como así confirma o informe remitido, inadmite as solicitudes de acceso á información referida a RETEGAL, por ser esta unha entidade independente da AMTEGA, inadmisión que se considera correcta por canto, consta que PLADESEMPEGA, presentou a mesma solicitud ante RETEGAL, polo que non procede que AMTEGA, de conformidade co disposto no artigo 19 da Lei 19/2013, remita a solicitud, como órgano que non ten competencias para resolver ao órgano é competente.

(2). Información da que se facilita o link de acceso, por ser xa obxecto de publicación.

Sobre a información na que se indica o link de acceso á web onde figura, é necesario poñer de manifesto que comprobados os links, agás os referentes a contas anuais e ás actas

fundacionais, o resto dan erro, polo que non se pode acceder á información, ou dirixen a unha páxina xenérica, e non á concreta na que figura a información.

A referencia á existencia dun sitio web onde se ofrece información, non é suficiente para os efectos de proporcionar a información solicitada. O artigo 22.3 da Lei 19/2013, establece que se a información xa foi publicada, a resolución que resolva a solicitude de acceso poderá limitarse a indicar como pode accederse a ela, pero como establece o criterio interpretativo 9/2015, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, en ningún caso é suficiente unicamente a remisión xenérica a portal ou á sede ou páxina web, senón que é necesario que se concrete sinalando expresamente o link que accede á información e, dentro deste, os epígrafes, capítulos, datos e informacións exactas que se refiran ao solicitado, sendo requisito que a remisión sexa precisa e concreta e leve, de forma inequívoca, rápida e directa á información sen necesidade de requisitos previos, nin de sucesivas procuras.

Por tanto, o órgano reclamado que pode elixir entre ofrecer a información solicitada por vía do exercicio de dereito de acceso solicitado, xa sexa por correo electrónico ou en formato impreso, ou ofrecer o link ou ligazón exacta que ofrezca de forma directa a información de que se trate.

(3). Inadmisión por concorrer a causa establecida no artigo 18.1.c) da Lei (reelaboración):

Respecto á inadmisión de determinada información en base á causa de inadmisión establecida no artigo 18.1.c), información para a que sexa necesaria unha acción previa de reelaboración, o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno pronunciouse en numerosas ocasións e a interpretación que realiza da dita dicha causa de inadmisión quedou recollido no criterio interpretativo 7/2015, no que se establece que o concepto de reelaboración, debe entenderse desde o punto de vista literal que reelaborar é volver elaborar algo, e é esta circunstancia a que é esixible para entender que estamos ante un suposto de reelaboración.

Se por reelaboración se aceptase a mera agregación, ou suma de datos, ou o mínimo tratamento dos mesmos, o dereito de acceso á información converterase no dereito ao dato ou á documentación, que non é o que sanciona o artigo 12 ao definir o dereito como dereito á información. Dito o anterior, o concepto de reelaboración como causa de inadmisión pode entenderse aplicable cando a información que se solicita, pertencendo ao ámbito funcional de actuación do organismo ou entidade que recibe a solicitude, deba elaborarse expresamente para dar unha resposta, facendo uso de diversas fontes de información, ou cando o citado organismo ou entidade careza dos medios técnicos que sexan necesarios para extraer e explotar a información concreta que se solicita, resultando imposible proporcionar a información solicitada.

A aplicación de toda causa de inadmisión, debe quedar debidamente motivada na resolución pola que se responda á solicitude de información presentada, tal e como establece o Tribunal

Supremo en sentenza do 16 de outubro de 2017, no senso de que a aplicación da causa de inadmisión de solicitudes de información nas solicitudes relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración, debe interpretarse de forma estrita, cando non restritiva.

Non pode confundirse a reelaboración con volume ou complexidade de recompilar a información solicitada. A reelaboración debe distinguirse dos casos nos que o volume ou complexidade da información que se solicita fai necesario un proceso específico de traballo ou manipulación para conseguila, que xustifica, como prevé o artigo 20.1 da Lei 19/2013, unha ampliación do prazo para resolver, pero en ningún caso a inadmisión da solicitude. Non se inclúen tampouco dentro do concepto de reelaboración os supostos nos que a información se atope en poder de varias unidades informantes que resulten responsables do seu custodia pero o seu autor estea claramente definido, hipótese nas que, en aplicación do artigo 19.4, remitiráselle a solicitude a este para que decida sobre o acceso.

No presente caso, a resolución ditada pola AMTEGA, carece de toda motivación relativa á aplicación da indicada causa de inadmisión máis aló da mención de que a considera de aplicación, polo que non pode aceptarse que concorra a necesidade de reelaboración, non sendo posible apreciar a concorrencia da causa de inadmisión alegada para denegar a información solicitada.

(4). Información que non se facilita por non existir

A normativa en materia de Transparencia (artigo 24 da Lei 1/2016 e 13 da Lei 19/2013) establece que as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible por un organismo ou entidade dos suxeitos á Lei no momento en que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias. Considérase por tanto acorde coa citada normativa a inadmisión da solicitude referida á información que se relaciona na resolución impugnada, da que non se dispón por non existir.

De acordo co anterior, procede a estimación parcial da reclamación presentada, debendo a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) proporcionar á entidade reclamante a información solicitada de acordo co exposto nos puntos 3 e 4 do fundamento xurídico quinto da presente resolución.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar parcialmente a reclamación presentada por D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia

(PLADESEMAPESGA) con data do 25 de novembro de 2019, contra a Resolución do 18 de novembro de 2019, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) pola que se estima parcialmente a súa solicitude de acceso á información pública referida a distintos aspectos económicos e organizativos da entidade.

Segundo: Instar á AMTEGA, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, se responda á petición de información solicitada referida ao Consello Asesor para as Telecomunicacións e Desenvolvemento Dixital de Galicia, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á AMTEGA, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

76706870F MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2020.01.30 17:24:40 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.

